

**ACTA NÚMERO: 33/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11:00 horas do día 25 de agosto de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Antonio Torrón Casal, Técnico Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 4 de agosto de 2022 (Reunión 30/2022), 11 de agosto de 2022 (Reunión 31/2022) e 18 de agosto de 2022 (Reunión 32/2022).*
2. *Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)". (Expte.- 2022029428).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de materiais e maquinaria para a rede viaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022030646).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022008005)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para o contratación do servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022008005).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes a documentación administrativa e documentación con criterios avaliables automaticamente do procedemento convocado mediante poxa pública para o "Alleamento da uva albariña da colleita do Castelo de Soutomaior do ano 2022, propiedade da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022048066).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do PP e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 4 de agosto de 2022 (Reunión 30/2022), 11 de agosto de 2022 (Reunión 31/2022) e 18 de agosto de 2022 (Reunión 32/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación das actas das reunións anteriores dos días, 4 de agosto de 2022 (Reunión 30/2022), 11 de agosto de 2022 (Reunión 31/2022) e 18 de agosto de 2022 (Reunión 32/2022).

**2. Proposta adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)". (Expte.- 2022029428).**

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2022005097 de data 07/07/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xullo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 04/08/2022 procedeu á apertura dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.



- VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	57.235,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	52.777,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	53.500,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	55.430,38 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	51.316,79 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	53.917,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	53.155,87 €	3%	36 MESES	NO	NO
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	54.003,80 €	3%	36 MESES	NO	NO
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	52.989,72 €	3%	36 MESES	SI	SI

Posteriormente procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta, e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refiría ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxera para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa NAROM, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "UNICO"
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	0,43	10,00	10,00	5,00	25,43
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	33,09	10,00	10,00	5,00	58,09
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	28,10	10,00	10,00	5,00	53,10
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	13,99	10,00	10,00	5,00	38,99
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,22	10,00	10,00	5,00	50,22
ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	30,48	10,00	10,00	0,00	50,48
VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	24,62	10,00	10,00	0,00	44,62
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	31,62	10,00	10,00	5,00	56,62

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto presumese que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	58,09
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	56,62
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	53,10
4	ASFAGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	50,48



5	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	50,22
6	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	44,62
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	38,99
8	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,43

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria no treito antigo do P.Q. 2+890 ao 3+460, na EP-4202 Tortoreos-Rubios-Carrasqueira (Concello de As Neves)*” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....52.777,74 €  
 IVE (21%) .....11.083,33 €  
 Importe Total ..... 63.861,07 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia núm 3867, acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares



- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.638,89 €

**3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de materiais e maquinaria para a rede viaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022030646).**

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, da subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 12 de xullo de 2022, aparecendo publicado o día 15 de xullo de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 135-382978), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de xullo de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 18 de agosto de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas á licitación as seguintes:

EMPRESAS	LOTES OS QUE SE PRESENTAN
CONTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA). (C.I.F.- A36008886)	Nº 2 (Zona Centro) e Nº 3 (Zona Sur)
UTE “ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR”	Nº 1 (Zona Norte) e Nº 2 (Zona Centro)

Na mesma reunión, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procedeu a descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas avaliadas mediante criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas nos diferentes lotes do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra.



O valores ofertados foron os seguintes:

- *Empresa: CONTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA). (C.I.F.- A36008886).*

1.- Prezo total ofertado por Lote:

	Prezo sen IVE	21% IVE	Prezo IVE engadido
LOTE N 2 Zona Centro	222.722,48 €	46.771,72 €	269.494,20 €
Lote N 3 Zona Sur	115.751,97 €	24.307,91 €	140.059,88 €

2.- Outros criterios de adxudicación:

	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control de calidade no desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001).	X	
	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001).	X	

- *UTE "ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR"*

1.- Prezo total ofertado por Lote:

	Precio sen IVE	21% IVE	Prezo IVE engadido
LOTE N 1 Zona Norte	117.576,97 €	24.691,16 €	142.268,13 €
LOTE N 2 Zona Centro	201.563,84 €	42.328,41 €	243.892,25 €

2.- Outros criterios de adxudicación:

	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control de calidade no desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001).	X	
	SÍ	NON
Acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001).	X	

Unha vez efectuada a valoración das ofertas dos sobres "B", segundo os criterios establecidos nos pregos, o resultado da mesma foi o seguinte:

Lote 1: Zona Norte.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total





UTE Aricur- Otero Forestal-Nortemar	0	5,00	5,00	10,00
-------------------------------------	---	------	------	-------

Lote 2: Zona Centro.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total
UTE Aricur- Otero Forestal-Nortemar	47,239	5,00	5,00	57,239
COVSA (CIF A-36008886)	0	5,00	5,00	10,00

Lote 2: Zona Sur.

Empresas	Puntuación prezo	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 9001 ou similar	Puntuación certificación UNE-EN_Iso 14001 ou similar	Puntuación total
COVSA (CIF A-36008886)	0	5,00	5,00	10,00

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto convocado para contratación da "Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra", que queda da seguinte forma:

Lote 1 – Zona Norte

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	UTE Aricur-Otero Nortemar	10	10

Lote 2 – Zona Centro





POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	UTE Aricur-Otero Nortemar	57,239	57,239
2ª	COVSA (CIF A-36008886)	10	10

### Lote 3 – Zona Sur

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	COVSA (CIF A-36008886)	10	10

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos lotes correspondentes ao procedemento aberto convocado para contratación da “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, ás seguintes empresas que acadan a máxima puntuación, polos seguintes prezos ofertados, e de acordo co seguinte detalle:

### Lote 1.- Zona Norte

#### UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar

Importe sen IVE.....	117.576,97 €
IVE (21%) .....	24.691,16 €
Importe total ofertado:.....	142.268,13 €

### Lote 2.- Zona Norte

#### UTE Aricur- Otero Forestal Nortemar

Importe sen IVE.....	201.563,84 €
IVE (21%) .....	42.328,41 €
Importe total ofertado:.....	243.892,25 €

### Lote 3

#### COVSA (CIF A-36008886)

Importe sen IVE.....	115.751,97 €
IVE (21%) .....	24.307,91 €
Importe total ofertado:.....	140.059,88 €



**4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022008005).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 22 de xullo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do *servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe (Expte.- 2022008005)*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Suplemento ó Diario Oficial da Unión Europea con data 22 de xullo de 2022, aparecendo publicado o día 27 de xullo de 2022 (Anuncio 2022/S 143-409351). Así mesmo publicouse anuncio no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de xullo de 2022 e tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, convocado para a contratación do "Servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe (Expte.- 2022008005)" por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.



**5. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para o contratación do servizo de lavandería e planchado de roupa no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022008005).**

O Presidente da Mesa de Contratación decide retirar este asunto da orde ao comprobar, que dentro do prazo concedido ó efecto, non se presentou ningunha oferta por parte de posibles empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

**6. Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes a documentación administrativa e documentación con criterios avaliables automaticamente do procedemento convocado mediante poxa pública para o "Alleamento da uva albariña da colleita do Castelo de Soutomaior do ano 2022, propiedade da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022048066).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral número 2021004596 de data 16 de agosto de 2022, aprobouse o expediente do procedemento aberto para “Adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da leira do castelo de Soutomaior 2022”. O anuncio convocando este procedemento de poxa pública publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de agosto de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data o prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe neste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga dos sobres “únicos” coa documentación e ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a adxudicación,



mediante poxa pública, do alleamento da uva da leira do Castelo de Soutomaior 2022, propiedade da Deputación de Pontevedra .

As ofertas presentadas foron as seguintes:

Quinta das Eiras, S.L. (NIF: B-27.417.112)

Prezo ofertado:

• Para a uva albariña:

Importe sen IVE: 1,51 €/ Kg  
IVA (4%): 0,06 €/Kg  
Importe IVE engadido: 1,57 €/ Kg

• Para o resto de variedades brancas:

Importe sen IVE: 1,13 €/ Kg  
IVA (4%): 0,04 €/Kg  
Importe IVE engadido: 1,17 €/ Kg  
Enoturismo Acha, S.L. (NIF: B-36.476.380).

Prezo ofertado:

• Para a uva albariña:

Importe sen IVE: 2,60 €/ Kg  
IVA (4%): 0,10 €/Kg  
Importe IVE engadido: 2,70 €/ Kg

• Para o resto de variedades brancas:

Importe sen IVE: 1,00 €/ Kg  
IVA (4%): 0,04 €/kg  
Importe IVE engadido: 1,04 €/ Kg

Veiga Naum, SL( N.I.F: B-94.127.735)

Prezo ofertado:

• Para a uva albariña:

Importe sen IVE: 1,45 €/ Kg  
IVA (4%): 0,05 €/Kg  
Importe IVE engadido: 1,50 €/ Kg



• Para o resto de variedades brancas :

Importe sen IVE: 1,06 €/ Kg  
 IVA (4%): 0,04 €/Kg  
 Importe IVE engadido: 1,10 €/ Kg

A continuación, a Mesa procede á avaliación das proposicións das empresas licitadoras, de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no prego administrativo, sendo o resultado da mesma o seguinte:

Empresas	Prezo uva albariña	Prezo Outras variedades	Puntuación Total
Enoturismo Acha, S.L. (NIF: B-36.476.380)	80 puntos	8,18 puntos	88,18 puntos
Quinta das Eiras, S.L. (NIF: B-27.417.112)	17,71 puntos	20 puntos	37,71 puntos
Veiga Naum, SL (N.I.F: B-94.127.735)	14,28 puntos	13,64 puntos	27,92 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas neste procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do “alleamento da uva da leira do Castelo de Soutomaio 2022”:

- Enoturismo Acha, S.L. (NIF: B-36.476.380)
- Quinta das Eiras, S.L. (NIF: B-27.417.112)
- Veiga Naum, SL (N.I.F: B-94.127.735)

2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que participaron no procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante poxa pública, do alleamento da uva da leira do Castelo de Soutomaio 2022, que queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresas	Puntuación Total
1ª	Enoturismo Acha, S.L. (NIF: B-36.476.380)	88,18 puntos
2ª	Quinta das Eiras, S.L. (NIF: B-27.417.112)	37,71 puntos
3ª	Veiga Naum, SL (N.I.F: B-94.127.735)	27,92 puntos



3. Propor ao órgano de contratación, neste caso o Deputado que actualmente ten delegadas as competencias da Presidencia na área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, a adxudicación do procedemento aberto convocado mediante poxa pública para o alleamento da uva da leira do Castelo de Soutomaior 2022, á empresa *Enoturismo Acha, S.L.* (NIF: B-36.476.380), polos seguintes prezos por kilogramo de uva recoillectada ofertado para as variedades brancas:

Para a uva albariña:

Importe sen IVE:	2,60 €/ Kg
IVA (4%):	0,10 €/Kg
Importe IVE engadido:	2,70 €/ Kg

Para o resto de variedades brancas:

Importe sen IVE:	1,00 €/ Kg
IVA (4%):	0,04 €/kg
Importe IVE engadido:	1,04 €/ Kg

Neste importe inclúense os custos derivados dos traballos de vendima, de recollida da uva na leira do Castelo e do seu transporte á adega que serán levados a cabo por parte da empresa adxudicataria.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e catorce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

